A democracia evoca o seu ser. E falar dela, en decidida e ruidosa postmodernidade, recorda unha pilula de Eduardo Galeano: "o colonialismo visible te mutila sen desemulo: prohíbe dicir, prohíbe facer, prohíbe ser. O colonialismo invisible, en cambio, covéncete de que a servidume é o teu destino e a impotencia a túa natureza: convencete de que non se poder decir, non se pode facer, non se pode ser". Asentada a democracia formal, ¿onde están agora os seus contidos?. Hai uns días reuníase o requintado clube de Madrid –un de tantos que reunen teóricos cuns 50 ex presidentes de todo o mundo– para indagar nesa democracia á baixa que anda sobre as augas entre a loita contra o terrorismo e a vulneración do Estado de dereito.

Porque "¿cómo loitar contra terrorismo sen cercenar a liberdade individual?" –"Non se trata de que a democracia estea en perigo, senón de que a xa minguada a calidade deste sistema se reduza perigosamente", apuntou na reunión o presidente do Congreso dos Deputados español, Manuel Marín nun exercicio de diáfano recoñecemento oficial de defectos. Defectos, tantos, que permite por exemplo ó Pentágono organizar a súa propia Internet, a web mundial das guerras do futuro. O fin: "darlle ós mandos militares e ás tropas estadounidenses un cadro de movementos de todos os inimigos e ameazas estranxeiras".

Esta Internet no ceo, como a definía o xornal 'El País', permitiría ás ós marines destacados en terras distantes ou no medio dunha trebocada abrir o seu ordenador portátil, pedir información ó satélite espía e dispôr dela en cuestión de segundos. Con tal fin gastarían máis de 200.000 millóns nos próximos dez anos. Mentre na edición dos xornais suceden-se os titulares: queda claro que as tácticas de coerción psicolóxica e



en ocasións físicas, utilizadas polo exército da "maior democracia do mundo" (EEUU) cos prisioneiros da base militar de Guantánamo en Cuba "equivalen a tortura" xa que durante os interrogatorios se usan "actos humillantes, confinamentos en solitario, temperaturas extremas e posicións forzadas" para quebrar a súa vontade. Malia que "iiso é un punto de vista!" –apontoría no arranque deste mesmo mes de decembro o vocero do secretario de defensa norteamericano Rumsfeld. Tamén queda claro que arredor de 1.200 estranxeiros, sobre todo de Oriente Medio, Sur de Asia e norte de África, foron arrestados e encarcerados en secreto en relación cos ataques do 11-S. Polo menos 752 persoas foron detidas baixo cargos de violar as leis de inmigración mentres que o Goberno continuaba investigándoas. Violando o dereito de presunción de inocencia, o Departamento de Xustiza mantivivos en prisión ata que concluiu que non tiña vinculos e/ ou información sobre terrorismo.

Declarar que o individuo e a súa liberdade son supremacías ineludibles non é exclusivo de Occidente ("Garib" na voz árabe que é lugar das tinieblas e do incomprendible) pese a que Estados Unidos pase por ser unha das máis grandes sacerdotisa da democracia e a Meca siga sendo o centro do mundo, mais precise do exército dos EEUU para protexerse. As dúas apreciacións, relatadas por Fatema Mernissi en *O medo á modernidade. Islam e democracia*, sérvelle a autora para aclarar que significa a democracia occidental para a Umma (comunidade): "esa que parece portadora do semente da vida, está demasiado ligada a nosa propia historia ás premisas da morte". Bombardéase Bagdad e o zapateiro do zoco de Suq as-Sebat en Rabat vende o seu televisor en branco e negro que mercara tras a caída do Muro de Berlín co fin de entregar os cartos ao Crescente Vermello marroquí para a compra de medicamentos para Iraque: "Imaxínase se lanzan unha bomba en suq as-Sebat?" preguntaba ante a ambigüidade occidental da violencia. Logo arrancan as operacións "infinitas" e de "treboadas máximas" en nome da democracia que reuniron nas rúas de Arxel, Tunes e Rabat a miles de persoas para protestar contra a guerra e o bombardeo en Bagdad. "A democracia, é dicir, a insistencia na soberanía do individuo fronte a arbitrariedade do xefe, non é tan nova como moitos imáns pregoan. Está, sobre todo, reprimida" mantén Mersini ante a realidade dun Oriente musulman que ó seu ver ten na democracia unha "ferida grangrenada que arrastra desde hai séculos". Hoxe interesa outras imaxes: a do Islam fanático que converte aquela marcha pola democracia das rúas de Arxel, Tunes ou Rabat nunha manifestación de integristas xenófobos na que se queiman bandeiras francesas. Despois os propios medios de comunicación e os Estados encárganse de darlle vida ó imán, fanático e radical, e tras a manipulación dos medos silénciase o que realmente o pobo pensa daquel.

Arredor de 1200 estranxeiros, a maioría de Oriente Medio ou de Asia do Sur e entre os que se encontraban residentes legais permanentes, foron arrestados en EEUU tras o 11-S. A democracia, coas súas propias mans, constrúe a súa prisión e fortifica o seu inferno. Un inferno que pon en xaque a situación dos dereitos humanos; moita más minguados dende os ataques ás Torres Xemelgas. A resposta puntual e frecuente activou unha vaga de crimes de odio cara ós árabes e musulmáns: detención arbitraria de estranxeiros; as vistás secretas de deportación a persoas sospeitosas de estar conectadas ao terrorismo; a autorización de comisións militares para xulgar "terroristas estranxeiros"; a falta de acatamiento ás Convencións de Xenebra no trato dos detidos por EEUU en Cuba e a detención militar sen cargos ou acceso á asistencia legal de cidadáns estadounidenses designados como "combatentes inimigos". De Vietnam I pásase a Vietnam II; pero un vietnam, no que a conquista de dereitos e o xogo democrático se refire, dentro e fóra da gran casa norteamericana.

A principios de outubro do 2002, segundo un informe da ONU, Estados Unidos xa levaría a cabo 56 execucións de pena de morte, máis da metade en Texas. O Goberno de Bush quedaría prácticamente só no mundo na imposición da pena de morte a críminais adolescentes, menores de 18 anos, no momento de cometer os delitos. Só EEUU, o Congo e Irán executaron a delincuentes nos últimos tres anos.

Pero unha cousa é a razón das aparença e outra a aparença da razón. E non hai nada que poida xustifi-

car a tortura ós presos afgáns na cadea de Abu Ghraib ou en Guantánamo.

A democracia ten en Ucraína –onde se repetirán os comicios que llederon a victoria ó primeiro ministro proruso Yanukóvich– un novo episodio para facer autocrítica e reflexión. Consagrarse a fraude que mantén a miles de persoas nas rúas de Kiev: nun campamento de 6.500 persoas onde emerxen as vodas da revolución laranxa e onde se escucha falar do envenenamento do líder opositor, Yúschenko –visiblemente deteriorado dende o inicio dos comicios– ou dos cambios, aprobados onte, na lexislación electoral que –parece ser– fará imposible unha nova fraude na repetición da segunda volta das presidenciais. Débese andar con coidado, aínda máis nun mundo onde os construtores do imperio de Washington abandonan toda pretensión de loitar polo sistema democrático. É o analista James Petras quen, neste sentido, fai repaso das construcións do Imperio sobre a base de gobernantes non elixidos, autoritarios, para realizar as súas políticas –Musharraf co seu 99% dos votos nas eleccións amañadas en Paquistán. Macapagal nas Filipinas que toma o poder depoñendo ós titulares de cargo; Karzai en Afganistán, elixido mediante a compra de votos. Os ditadores centroasiáticos das ex repúblicas soviéticas son aliados clave. O xefe do golpe dun día en Venezuela, Carmona, era un protexido de Washington. Duhalde, en Arxentina, foi seleccionado polos mandamases peronistas e aprobado pola Embaixada. Onte, cando a CIA advertía de que a situación



en Iraq irá a peor, Karzai tomaba posesión da presidencia de Afganistán escoltado polo vicepresidente dos EEUU Cheney e o secretario de Defensa Rumsfeld. Tamén é certo que eses gobernantes autoritarios e súbditos do imperio enfrentan unha crecente oposición e o aumento dos conflictos. Uns e outros clamán a ansia de democracia: o mellor dos sistemas. Roitman irónico escribe: "Así, ser demócrata termina sendo como formar parte dunha gran familia que se reúne para as vodas, os enterros, as comunións, os cumpreanos e agora os comicios electorais".

As fotos da páxina 2 corresponden a, de esquerda a dereita e de arriba a abajo: o líder británico conservador Hague nas eleccións do 2001 xunto coa súa muller á hora de emitir o voto (2001). Eleccións na India no 2004. Bush sae de votar en Texas (2002) e simpatizantes de Kibaki festexan o trunfo en Kenya (2002). Na páxina 4: un momento da marcha de protesta de simpatizantes de Yúshchenko contra a fraude electoral en Ucraína. Na páxina 5: as municipais en Brasil. Páxina 6 e de arriba á abajo: Imaxe das torturas de soldados norteamericanos na cadea de Abu Ghraib, en Guantánamo e en Iraq. Páxina 7: Eleccións en Afganistán. Imaxe de portada: eleccións na India

16 / DEZEMBRO DO 2004 - NÚMERO 544

RDL

REVISTA
DAS
LETRAS

SEN
IDENTIDADES

2 | rdl

Galicia Hoxe 16/12/04



Son rostros sen nome e fotografías sen autor. Son instantes da eternidade que lle roubaron á ternidade o que a carne ten de perecedoiro e o que a arte ten de inmortal. Costa imaxinar que xa non están aquí e, en realidade, nunca estiveron aquí até que agora nos miran e marcan o inicio do misterio. Mírannos desde o outro lado do seu anonimato para que nós, espectadores fronte ao abismo máxico da imaxinación, redescubramos as súas vidas, pero tamén o instante no que un ollo os captou. Neste monográfico conflúen douis traballos: o de Robert Lynn Johnson, do Museo de Belas Artes de San Francisco, que desde hai anos colecciona fotografías sen autor; e o do arxentino Pablo Cruz Aguirre, que almacena na súa web fotosencontradas.com un apaixonante percorrido por centos de fotos achadas no lixo. Xuntos, compoñen o anverso e o reverso dun proxecto que vai máis alá da fotografía e da propia vida.

"Vexo fotografías por todas partes, como nos pasa a todos; veñen do mundo cara a min sen que eu as solicite; son só "imaxes"; o seu xeito de aparición é heteroxéneo (...) Dinme conta de que algunas provocaban pequenas celebracións, coma se aludiran a un centro inmóbil, a un valor erótico ou lastimado sepultado dentro de min mesmo" (Roland Barthes en "Camera lucida")

É unha historia que se repite con frecuencia. No pánico da catástrofe, sen poder reflexionar, a xente recolle os seus seres queridos, os seus animais de compañía e as súas fotos, antes de fuxir para salvar a vida; as cousas que a lucidez forzada pola adversidade mostra como irremprazables: os seres queridos e as mascotas, aspectos do presente e do futuro; as fotografías, aspecto do pasado, os recordos. Recordando o sentido protectivo que as persoas albergan para coas súas fotos de familia, inquiétanos atopar esas fotos nun mercadillo de segunda man. Amontoadas a centos en caixas de cartón, a súa presenza e descrazonadora e hipnótica. Como cando reducimos a marcha para ver mellor un accidente, un ten a sensación de que non debería mirar. Pero para algúns a curiosidade pode máis que a decencia ou a indiferencia. Que esas fotos anónimas chegaran a tan lamentable final indica que ocorreu algo tráxico, triste ou cruel. ¿Que suceso mortal, ruptura ou equívoco expulsou esas fotos do mundo que lles era familiar e recoñecido para botalas ó purganotorio da apatía? Aínda que os retratos e as instantáneas de familia forman unha porcentaxe maioritaria da fotografía anónima, non son as únicas obras que entran nesa categoría. A maioría dos traballois antigos -os daguerrotipos, os ambrotipos e os ferrotipos, xunto cunha proporción menor de fotos sobre papel, incluíndo os formatos de tarxetas de visita e o "cabinet" para as fotos de galería -chégannosnos sen ningunha información acerca dos seus autores.



Desde finais do século XIX ata finais dos anos trinta imperou en América e Europa unha gran afición ás postais fotográficas; a maioría, sen autoría e en calidades diversas, desde o profesional ata o caseiro. En canto á temática, recollían todo o imaxinable, desde o mundano (retratos, residencias) pasando polas tragedias (funerais, linchamentos) ata o extravagante (vudas de travestidos, cans fumando en pipa). Outros estilos inclúen a fotografía científica, a socioloxica, a industrial, a arquitectónica, a publicitaria, a de modas, a de espectáculos, a erótica e a forense. Todas pasaron da utilidade específica á escuridade non deliberada.

Por último, algunas fotografías parece que foron tomadas con intención artística. Moitas destas, con independencia do diverso nivel de habilidade, evidencian o propósito estético e o desexo implícito do autor de ser recoñecido, e por tanto non prevía pasar inadvertido.

Obtense unha fotografía cando o camarógrafo utiliza o instrumental técnico de obxectivo e negativo para captar e logo revelar unha imaxe. A cámara rexistra a humanidade dunha persoa, a solidez dun lugar, a atmosfera dun instante. Parece obxectiva, pero esta percepción é ilusoria. A fotografía é maleable, e pode ser manipulada, a vontade ou accidentalmente. O que empeza como un proceso fáctico e científico acaba convertido en ficción.

Técnicamente, a fotografía anónima testemuña unha selección e un punto de vista polo simple feito de existir. Como dixo John Szarkowski "a fotografía é un sistema de edición visual. No fondo, trátase de encadrar unha parte do propio campo visual cónico de quen está no lugar axeitado, no momento axeitado. É cuestión de elixir entre varias posibilidades dadas igual que xogar ó xadrez ou escribir, pero no caso da fotografía o número de tales posibilidades non é finito, senón infinito. O que a foto anónima non pode e non poderá nunca revelarnos é porqué tal suxeito, en tal momento, quedou elixido para ser captado e conxelado visualmente como unha mosca no ámbar fósil. A motivación non explicada é o misterio que percorre esas fotografías.

A fotografía artística trata as imaxes como expresións criticamente validadas para ser avaliadas, xulgadas, admitidas ou rexeitadas. A premeditación e a referencia confiren a estas fotografías a denominada "gravitas" que será identificada e recoñecida polo observador. No caso da fotografía anónima,





o exceso de banalidades visualmente decepcionantes descarta calquera intento ocasional de tomadas en consideración. De John Szarkowski provén tamén a aguda observación de que "hai no mundo más fotos que ladrillos". Esta afirmación imposible de verificar, pero plausible, píntanos un mundo inundado de fotografías. Na súa inmensa mayoría, estas imaxes foron creadas sen ningún designio estético, para deixar constancia permanente de traballos públicos e de vidas privadas. A monotonía de moitas das fotos é o equivalente visual da observación poética de T. S. Eliot segundo a cal a xente mide a vida coas culleriñas do café.

Non obstante, hai unha dimensión máxica nesa vasta acumulación mundana de imaxenería anónima. Iqual que os expertos buscadores de ouro encontran pepitas en medio da area que pasan polos seus cedazos, hai moitas fotografías de beleza trascendente que son psicolóxicamente reveladoras, en espera de ser descubertas e rescatadas da escuridá.

Aí é onde o individuo disposta a sumerxirse no pantano pictórico desempeña un papel crucial. O proceso de selección é capaz de recuperar imaxes esencialmente mortas e esquecidas, e esta busca e recolección require elevadas facultades de discernimento persoal. Non hai libros de historia da arte, nin catálogos de casas de poxas, nin grandes prestixios que orienten a elección, o a corroboren: todo se reduce a ter a foto na man e estar atentos ós pensamentos que nos suxire.


A estética que define a foto cautivadora sempre é a mesma, tanto se foi creada por un artista anónimo, un coñecido e incluso famoso. O contido, unido a un uso interesante, intencionado ou accidental do encadre, do enfoque, do contraste de luz e doutros detalles técnicos, son algúns factores que fan destacable unha obra. É difícil definir a alquimia dos elementos polos que unha foto se converte en memorable. Ás veces ten universalidade e concita unha ampla aceptación; outras, a significación percibida é singular e subxectiva, e ningún máis ve o valor da imaxe, salvo un mesmo.

Unha fotografía é o rexistro dun instante no tempo. Como escribiu Diane Arbus "son a proba de que algo estivo alí, e xa non está. Como unha mancha. E a súa inmobilidade é pasmosa. Ti te apartas, pero cando te volves outra vez cara ela, segue contemplándote".

Moi pronto, a commemoración do presente convértese en constancia dun pasado cada vez más lonxano. Roland Barthes deu unha commovedora descripción: "Ante a fotografía da miña nai cando nena, eu dígome: "Vai morrer". E estremézome o mesmo que o psicótico paciente de Winnicott "por unha catástrofe que xa sucedeu". Estea ou non morto o suxeito, cada fotografía é esa catástrofe". Ao darnos conta da carga emocional da fotografía, en relación co paso do tempo e a memoria, sublíñase unha sensibilidade nostálgica que en maior ou en menor medida sempre está presente, consciente ou inconscientemente, no observador. Unha fotografía de 1888 que mostra a torre Eiffel en construcción (imaxe da páxina 6) sempre chamará máis a atención que a obriga da instantánea da mesma torre, tomada por nós cen anos máis tarde para demostrar os nosos amigos que estivemos en París.

Unha cuestión moi debatida polos críticos e colecionistas de fotografía é se as obras anónimas, por canto carecen de credenciais de autoría e contexto, poden considerarse obras mestras. As posicións contrarias parécernos pasadas e irrelevantes. Oscar Wilde comentou que a literatura obscena non existe, que só hai libros ben ou mal escritos. Se unha foto ten mérito, teno con independencia da súa orixe ou autoría. Na cultura occidental dependemos demasiado do culto á personalidade do creador, a diferenza do que ocorre en África, Asia e outras moitas culturas, onde a atención se centra na obra mesma por riba de todo. En América e Europa é recente a apreciación estética das artes populares e das fotografías de autores non identificados, e ainda quedan moitas reticencias. Sobre a alfombra dunha sala descansa un pedrusco iluminado na diagonal pola luz sobre unha ventana próxima.





Sobre a alfombra dunha sala descansa un pedrusco iluminado na diagonal pola luz dunha ventá próxima (foto na páxina 4); ¿Qué significa esa pedra colocada nun escenario doméstico, e por que se considerou necesario deixar constancia fotográfica da estraña colocación nalgún lugar de Norteamérica, alá por 1890?

Cautivan a nosa imaxinación estas e outras imaxes anónimas non menos incongruentes, xa que non caben esperar que tan curiosas xustaposicións reciban nunca unha explicación. En ausencia de datos probados, estas fotografías fan posible que os observadores constrúan libremente as súas propias composicións de lugar. Moitas crearíanse, indubidablemente, como sinceiros intentos de dar forma e contido, mentres outras son, sen dúbida, resultado do azar ou da coincidencia fortuita. A realidade é a foto, o ensoño é a nosa interpretación. Moitas destas imaxes evocan unha espontánea asociación coa obra dalgúns fotógrafos famosos, coas súas estilemas e a súa característica elección de asuntos.

Este síndrome de "se parece o de ... ", anque sorprendente, non deixa de ser comprensible. Como cando tocamos coas teclas do piano e nos sae unha frase que recorda algo de Bach ou de Mozart, calquera fotógrafo pode coincidir, sen propoñelo, coa estética dun artista de sona. Así dous homes pescando nunha barca, dunha fotografía francesa (imaxe na páxina 5) recorda vivamente a Jacques Henri Lartigue ou Henri Cartier-Bresson. A tira sacada dun fotomatón cara 1940 (foto da páxina 5) evoca as series paródicas de Andy Warhol, cando utilizou ese mesmo dispositivo comercial para a súa imaxinería pop dos sesenta. E ata unha visión tan persoal e introspectiva coma a de Diane Arbus pode encontrar o seu correlato na imaxe, tomada cara 1960, dunha muller cun diminuto Chihuahua inexplicablemente empoleirado sobre o peito (imaxe páxina 5)

Coleccionar non é un destino senón unha viaxe. Cando eu empecei, os meus gustos e os meus coñecementos en materia de fotografía non eran o que son agora nin, supoño, o que serán nun futuro. Admiro ós grandes pioneiros da primitiva fotografía, e aos mestres e os talentos contemporáneos que xurdiron logo cun prestixio que foi medrando no decurso do século XXI ata a actualidade. Non obstante, paréceme que o impacto visual, intelectual e emocional de moitas das grandes imaxes fotográficas do pasado se desgastaron para mí. Os artistas non teñen culpa.

É a sobreexposición ubicua a esas obras en libros, revistas, reproducións e exposicións o que as baleira da súa inicial capacidade inspiradora. O fenómeno dáse más en fotografía que noutras formas artísticas. De xeito que, anque deixase de ver "Monnrise", "Hernández" ou "New Mexico" de Ansel Adams, "Chez Mondrian" de André Kertész ou o "Winston Churchill" de Yousuf Karsh, nunca sería demasiado pronto. Pese ó eloxios que mereceron tales obras, para mí, por desgraza, a familiaridade excesiva criou unha especie de menosprezo.

A búsquedas dun sentido máis amplio das posibilidades da fotografía conducíume ó universo parello que se atopa na imaxinería anónima. Non hai perigo de sobreexposición: cada foto é praticamente única. Outro aspecto estimulante: que, por unha vez, os cartos non son un factor limitativo; adquírese por uns centavos, ou excepcionalmente por algúns dólares (anque, debido ao crecente interese que suscita a fotografía anónima, ultimamente vendérónse varios especímenes excepcionais en subasta por decenas de miles de dólares). E, unha vez adquirida, a orfa fotográfica pasa a formar parte da familia estética da persoa que a mercou, pasa a ser elogiada, defendida e apreciada. No que se define como fotografía artística quedan inmensas e increíbles reservas de imaxes non explotadas, obras de beleza, imaxinación e forza expresiva innegables, anque talvez involuntarias. (...)

Robert Flynn
en "Arte accidental"



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.

Diseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo. Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

23 / DEZEMBRO DO 2004 - NÚMERO 545

r d l

REVISTA
DAS
LETRAS



No nome de Cristo



Os cristiáns celebran mañá o nacemento de Cristo, unha data simbólica que a Igrexa escolleu para facela coincidir coa festa pagá do sol invicto, que se celebraba pouco despois do solsticio de inverno. O feito amosa xa a radical participación entre a verdadeira vida do home e o coidadoso tramado que teceron ao seu redor os xestores da súa mensaxe. Baixo o lema “amádevos uns aos outros”, Cristo realizou en só tres anos de predicamento unha auténtica revolución social e espiritual que marcaría a forma occidental de ver o mundo. O menosprezo da riqueza material, o exercicio do perdón, o amor universal entre os seres humanos ou a non violencia foron os puntais dunha filosofía, expresada de xeito sinxelo mediante parábolas, que lembra en moitos aspectos a base do budismo, se ben Cristo non apelou ao determinismo cego que rexe, en moitos aspectos, as relixións orientais. As súas palabras, non obstante, fóreronse retocando ao longo dos séculos até quedar agochada baixo toneladas de paráfrases, prospeccións hermenéuticas e burocracias. Pouco imaxinaba aquel xudeu, crucificado aos 33 anos coa inocencia escrita nos labios, que a vertixe orixinada pola súa mensaxe ía converterse na fe dunha relixión e a súa relixión -ao igual que todas as relixións debuxadas polo ser humano para

Cristo, o home Mensaxes

reflectir o misterio do deus- ía orixinar guerras e millóns de mortos, días de gloria humanista e sacrificio pero tamén organiscos que apontoan unha caste de poder político, con frecuencia escaso nos seus obxectivos democráticos. Recuperada a súa mensaxe en experiencias comunitarias ou movementos como a Teoloxía da Liberación, nunca Cristo foi tan necesario como hoxe e nunca as igrexas que xestionan a súa figura estiveron tan postas na polémica. Cruzadas como a emprendida contra o regulamento da familia, o uso dos preservativos para previr a sida, o feminismo ou a equiparación dos dereitos de todas as persoas, sen importar a orientación sexual, marcan o cumio dunha tradición encistada en séculos de cegueira e, sen dúbida ningunha, nunca suixerida polo mesías: Cristo nunca falou de sexo. É máis, moitos investigadores e teólogos rexeitan a visión apontada polas igrexas _anglicana, ortodoxa ou católica, entre outras_ dun Cristo alleo ás paixóns humanas: Termados en distintos códices, aseguran que el e María Magdalena foron amantes. Outros, tamén lle poñen irmáns, humanizando deste xeito a figura de María, a súa nai. Este monográfico de Revista das Letras, en vésperas da natividade, é a homenaxe das nosas páxinas a un home que cambiou a historia.



Dígovos:

“O meu reino non é deste mundo”

s.n e a.r.l

A figura de Cristo emerge como revolucionaria respecto dunha sociedade xudía en espera. Anuncia a consumación dos tempos e a abolición da lei, proclámase Fillo de Deus, denuncia o formalismo e a opresión dos fariseos: unha revolución teolóxica que foi parte, aínda que non se fixera pasar por tal, dunha revolución social. Innegable a forza disolvente respecto das xerarquías e dos valores sociais, ben podería pasar por un rebelde ou anarquista _tal como o mantén o ensaísta Jean Touchard_ que se dirixe de xeito especial a desherdados ou prostitutas. Logo a Igrexa vitoriosa fíxose cargo do seu legado e aquela doutrina cristiana da providencia encontra no poder imperial o instrumento dunha pedagogía exercida no seu proveito. O poder civil imprégname de cristianismo, unha relixión nova e totalitaria, que define as forzas en Occidente.

Sobre a expresión caerán mil interpretacións pero a sentenza dominará o pensamento cristián: "O meu reino non é deste mundo". Cristo anuncia o reino de Deus ou precisamente o fin da política. "Facede penitencia, pois o reino de Deus está próximo". Así o home rebelde e anarquista, para os ollos de moitos que apontoaron dende a teoloxía da liberación as teses más marxistas do cristianismo, ensinabálles ós seus discípulos que nin a fortuna, nin o poder, nin a sabedoría, nin a respectabilidade social son valores seguros. Mentre, os Evanxeos relatan: "benaventurados os pobres de espírito, porque deles é o reino dos ceos... benaventurados os que teñen fame e sede de xustiza, porque eles serán saciados". Apóstolo dos xustos ou profeta dos pobres, a figura de Cristo considera a pobreza como unha desgraza, como tamén o son a riqueza e o poder se son mal exercidos. Máis tarde San Paulo, o seu discípulo, dá a entender que non existe unha organización social especificamente cristiá, senón unha forma cristiá de cumplir cos deberes sociais, dentro dunha organización existente. Así se a expresión "o meu reino non é deste mundo" suprimía senapelación todo problema, a fórmula "os reinos do mundo son de Deus" ía producir a confusión entre Estado e Igrexa: confusión que ten hoxe actualidade e vixencia, con toda sorte de cruzadas e crispación dende a chegada ó Goberno do

as unións de parellas homosexuais as que desatan as más descarnadas e delirantes declaracions. "Hai moitas realidades, chamadas formas de familia. Pero o que está claro é que a única familia no sentido estrito é a que se basea no amor e orientada cara á paternidade e maternidade", sentencia a Igrexa. A campaña contra as unións homosexuais, a segunda tras a levada a cabo sobre a eutanasia, ten como título "Home e muller creounos": sete millóns de dípticos repartidos pola diócese que serán entregados ós fieis ata o próximo 26 de decembro, cando os católicos celebran a Sagrada Familia. Nos mesmos, a Igrexa fai fincapé na identidade heterosexual do amor. "Ser home ou muller non é casual, accidental ou manipulable, senón que forma parte do plan de Deus e do destino do home no mundo", sentencia Martínez Camino quen deixou caer nunha entrevista o carácter "vicioso" da homosexualidade. Foi dous días despois de que o presidente da Xunta Manuel Fraga cualificara de "anomalía" a homosexualidade: "Algo raro teñen que ter para non preferir unha señora guapa" _engadiu ante o estupor xeneralizado, tras insistir de novo no seu rexacemento ó matrimonio gay e recordar, como xustificación, que él "só" se pronunciou nos mesmos termos que a "Súa Santidade o Papa". Así, como Xoán Paulo II, entende que "o matrimonio é cousa entre un home e unha muller e para que as nais poidan ser nais".



Estado dos socialistas: aborto, eutanasia, matrimonio de parellas homosexuais _mesmo co dereito a adoptar fillos_ divorcio, o ensino da relixión católica. Titulares como "Zapatero non debe provocar a Igrexa", "A nova lei do divorcio supón, de feito, introducir o repudio" ou aquél de "A campaña da eutanasia foi un éxito. Estamos moi satisfeitos" que foi dando o portavoz da conferencia episcopal española, Martínez Camino ós medios de comunicación fai abrollar un prego de intencións aletargado hai tempo nas capas do poder que soubo satisfacer os intereses da curia. Ten sona Martínez Camino de saber o que di e cómo o dí. De ter resposta para todo e estar sobrado ante os medios. Tamén teñen sona as intervencións do bispo de Mondoñedo-Ferrol, Gea Escolano quen lle dixo ó Goberno que "non hai ningún que poida calar" á Igrexa. Visible a tensión entre a Igrexa e o Estado, a xerarquía eclesiástica está disposta a verter toda a súa maquinaria contra o novo corpus lexislativo do executivo socialista, anque son

O cristianismo, para moitos cimento da ciencia moderna durante o período medieval (1000-1500), sobrevivió máis de dous mil anos. No século IV capturou e transformou o moribundo imperio romano. Autorizado o culto polo Edito de Milán (313), suprimidos os obstáculos que a causa do xuramento separaban o cristiano da vida política, privilexiada e solicitada a Igrexa polo poder político, impúñase unha revisión da actitude dos cristianos respecto do Estado, cando ademais as ideas da nova doutrina que a Igrexa elabora dista moito de ser orixinais. Será a edificación de Santo Agostiño, segundo o ensaista Jean Touchard, a que "impedirá para sempre ós pensadores de Occidente demostrar que o cristianismo pode dirixir a política dun xeito directo". Non obstante, nació o Estado pontificio, condición de seguridade para o pontífice romano e para a Igrexa que, con todo, non recoñecía aínda totalmente a primacía romana. Un Estado Vaticano con independencia e poder: un poder no nome de Deus e o seu plan creador.



A figura de Cristo para mim



Comecei a coñecer a Cristo na miña casa, na escola e na igrexa, en xuntanzas e celebracións. Vivía de preto os beléns, a festa dos Reis Magos, as procesións da Semana Santa e outros actos piadosos. Sentíame ledo co neno Xesús. Tiña unha relixiosidade propia dun neno, baseada no testemuño de fe dos meus pais e educadores. Hoxe, superada aquela condición de rapaz, a figura de Cristo ten para mim un senso menos rechamante e más fondo, despois de analiza-los testemuños documentais sobre Cristo, e celebrando de cote a Eucaristía, memoria viva de Xesús.

Cristo, na sociedade do seu tempo.

Contemplo a Xesús como un home crítico coas institucións do seu pobo e coas persoas que establecían o senso da vida na superficialidade. Séntese libre fronte á lei, fronte ó templo e fronte a unha concepción ríxida do que era o descanso do sábado. Quería que todo estivera en función do home. Fíxase na interioridade das persoas, e avalía ós demás partindo dela. Enche de loanzas a víuva que botou de esmola no templo unha nugallada, e di que deu máis ca ninguén, pois deu do que precisaba para vivir. A pobreza, a mansedume, o talante misericordioso, a limpeza de corazón e o sufrir persecución por ser xustos, constitúe o espírito das benaventuranças que el pregoa e asume, porque non se resiste ós que o prenden e pide o perdón para os que o matan.

Amigo dos pecadores e Mestre dos seus discípulos

Ó longo da súa vida, busca e acolle os pecadores: os publicanos Zaqueo e Máteo, a adúltera que outros querían matar, e a Magdalena, á que move á conversión, coa forza da súa palabra e a consecuencia da súa vida. Criticado por frecuenta-la compañía dos pecadores, proclama as parábolas da moeda perdida, a ovella perdida e o fillo pródigo, para indicar que debe facer así, porque Deus olla polos más febles. Escolle un grupo de entre os seus seguidores, e fai a doce deles columnas da súa Igrexa. Esta fórmase con xente do Oriente e de Occidente, pois todos somos fillos de Deus, que "fai saír o sol sobre bos e ruíns, e fai chover sobre xustos e inxustos".

Déixase matar e vive para sempre

Tendo claro que Deus é seu Pai, entrégase á súa vontade, concretada no sufrimento e na morte. Así poderá ofrecer azos a quen sofre, pois, como anunciara Isaías, o "Servo Sufrinte" verá a luz e volverá xustas as multitudes. As voces da Pascua soan forte: "¡Resucitou!", e o Señor constituíuno Xuíz de vivos e defuntos.

Meu amigo e salvador

El dálle senso á miña vida, acompañame e alenta a miña esperanza. Ofrécmeme a súa palabra e o encontro con el nos sacramentos, especialmente na Eucaristía. Anímame a buscalo tamén nos compañeiros de camiño, cos que se identifica, de xeito que cómpre tratalos como a el. Ademais, axúdame a vivir ledo, ofrecéndome a seguraza de que non estamos abocados á morte, senón que esta é a porta que leva á vida que el nos dará.

José Fernández Lago.
Cóengo Lectoral da Catedral de Santiago

Acatamento e estratexia

Juan J. Tamayo-Acosta

As teólogas e os teólogos católicos en diálogo coa modernidade e situados no mundo dos excluídos vivímos nun permanente estado de sobresalto pola actitude detectivesca que adoptou o alto maxisterio eclesiástico durante o último século e que parece disposto a seguir no novo século. O século XX inaugurouse coa condena dos teólogos modernistas no decreto do Santo Oficio 'Lamentabilis', confirmado polo papa san Pío X. Unhas décadas despois as sancións recaían sobre o paleontólogo xesuíta francés Pierre Teilhard de Chardin, acusado de 'imanentismo', a quen se lle prohibiu publicar sobre temas que non fosen científicos. As sospeitas arreciaron despois da Segunda Guerra Mundial. Prohibiuse a docencia ós xesuítas de Fourvière, os tres Henri: Henri de Lubac, Henri Rondet e Henri Bouillard. Antes incluirase no Índice de Libros Prohibidos unha obra do dominico pai Chenu. A publicación da encíclica de Pío XII Humani Generis en 1950 agravou a situación xa que condenaba a Nouvelle Théologie, cuxo maior delito era o retorno ás fontes do cristianismo, sobre todo as bíblicas e patrísticas. Os efectos deixáronse sentir con especial virulencia na facultade de teoloxía dos dominicos de Lle Saulchoir. Alí ensinaba o padre Congar, teólogo ecumenista e asesor dos sacerdotes obreiros, que foi destituído da cátedra e tivo que sufrir tres humillantes desterrados: Xerusalén, Roma, Cambrigde. Neste último prohibíuse lle entrar en contacto cos anglicanos e falar cos seus confrades dominicos. Nunha carta á súa nai, escrita durante o desterro de Cambrigde -dada a coñecer recentemente en España polo teólogo da mesma orde Juan Bosch-, chega a afirmar que o papa 'desexa reducir os teólogos a simples comentadores dos seus discursos'.

Por paradoxal que pareza, os teólogos condenados por Pío XII foron convidados por Xoán XXIII a participar no Concilio Vaticano II como asesores dos bispos. Pero, como sucede coa alegria na casa do pobre, a primavera da liberdade de expresión dos teólogos apenas durou un século. Pronto se volveu ó control do pensamento teológico e ás sancións exemplarizadoras contra os profesores de teoloxía. Dous dos casos de maior impacto, dada a relevancia dos sancionados, foron os de Hans Küng e Leonardo Boff. O primeiro retiróuselle o título de teólogo católico e prohibíuselle ensinar como tal na Universidade de Tubinga, de onde era catedrático. A Boff, teólogo da liberación, impedíuselle o exercicio das funcións propias dun intelectual: escribir, dar clases e impartir conferencias.

Pero as sancións tiveron o seu lado positivo. Liberados do control do maxisterio ecle-

siástico, ambos os dous están a desenvolver proxectos teológicos e interdisciplinares de gran creatividade. Küng levou a cabo durante case un cuarto de século un proxecto de ética mundial nos niveis relixioso, político e económico. Boff ampliou o horizonte da teoloxía da liberación para a ecoloxía, en diálogo coas ciencias da vida. Algo similar supuxo a expulsión dos profesores José María Castelo e Juan Antonio Estrada da Facultade de Teoloxía de Granada. Castelo ampliou o seu radio de docencia á UCA de O Salvador e a contornos universitarios civís do noso país. Estrada abriu a súa reflexión teolóxica ó campo da filosofía, sobre todo da filosofía da relixión.

As teólogas tampouco se viron libres de condenas durante a última década. Aí van dous exemplos como mostra. A brasileira Ivone Gebara foi sancionada pola súa posición feminista e por defender puntos de vista distintos da doutrina católica oficial en torno ó control da natalidade. Cabe destacar a súa contribución ó desenvolvemento da teoloxía ecofeminista. A norteamericana Lavinia Byrne foi expulsada da orde relixiosa á que pertencía por escribir o libro 'Mulleres no altar,' onde ousa rebater punto por punto os argumentos do maxisterio eclesiástico contra o sacerdocio da muller. A teoloxía moral estivo sempre no punto de mira do Vaticano, a maioría das veces polos supostos desvíos dos teólogos na doutrina sobre a sexualidade, e moi especialmente tras a publicación, en 1968, da Humanae Vitae, que, en contra dos novos climas culturais en materia de sexualidade, de relacións de parella e de paternidade-maternidade responsable, e do xuízo dos asesores papais, condenaba as relacións prematrimoniais, o uso dos anticonceptivos e volvía á vella doutrina da procreación como fin primaria do matrimonio, superada polo Concilio Vaticano II (1962-1965).

Os dous casos más rechamantes ó respecto foron os procesos seguidos contra o teólogo alemán Bernhard Häring e o moralista norteamericano Choian. Häring, perito do concilio e o principal renovador da moral católica, primeira coa lei de Cristo -escrita antes do Concilio-, que situaba a ética cristiana baixo o principio da responsabilidade, e despois con Liberdade e fidelidade en Cristo, considerada por el mesma a súa principal obra. Coincidindo cun cancro de gorxa, foi obxecto dun proceso tan duro que, nunha carta dirixida ó cardeal Seper, presidente da Congregación para a Doutrina da Fe, chega a dicirlle: 'Durante a Segunda Guerra Mundial fun obrigada a comparecer catro veces ante un Tribunal Militar. En dúas delas era cuestión de vida ou morte. Naquelhas circunstancias sentin-

me honrado porque a acusación viña dos inimigos de Deus. Noutras palabras, as sancións eran certas porque non me sometía a aquel réxime. Agora, de forma humillante fun acusado pola Congregación para a Doutrina da Fe; as sancións son falsas. Mais áinda, nacen dun órgano de goberno da Igrexa á que servín durante toda a miña vida con todas as miñas forzas... Preferiría encontrarme novamente ante un tribunal de Hitler (subliñado meu). Non obstante, a miña fe non vacila'.

O final non foi sancionado, pero si o foi o seu discípulo, o moralista norteamericano Charles Choian, a quen se lle prohibiu exercer a docencia como teólogo católico nos centros dependentes da Igrexa, acusado de defender teorías contrarias á doutrina da Igrexa en cuestións como homossexualidade, divorcio, relacións prematrimoniais e masturbación. O proceso contra Choian foi o máis parecido a unha pantomima, xa que o propio Ratzinger confesáralle ó padre Häring antes do xuízo que a decisión xa estaba tomada.

Agora tocoulle ó moralista español Marciano Vidal, discípulo tamén de Häring, teólogo temperado e alleo ó mundo da crítica teológica e eclesial. Tras un estudio por menorizado da súa extensa bibliografía, foi sorprendida en non poucos erros e sometido a unha das más graves humillacións a que pode someterse a un intelectual: obrigarlo a retractarse das súas ideas e esixirlle a corrección do seu propio pensamento. É unha manifestación más da cruzada contra o pensamento crítico na Igrexa católica e a favor do pensamento único, como xa expresa o teólogo francés Congar fai case medio século na carta antes citada: 'O único artigo que queren impor a toda a cristiandade é: non pensar, non dicir nada senón que hai un Papa que pensa todo, que di todo, e respecto do cal toda a calidade do católico será obedecer'.

De crer as informacións sobre o caso, chama a atención o que Marciano Vidal aceptase a humillación e comprometérese a rescribir as súas propias opinións incorporando as tese do maxisterio eclesiástico. Porque unha de tres: ou os seus inquisidores foron tan convincentes que lle fixeron caer na conta dos seus erros, e corrixir é de sabios; ou ten moi baixa a súa autoestima (cosa que dubido), en cuxo caso o problema se desvía a outro que non é propriamente teolóxico; ou foi presionado baixo ameaça de sancións más graves, e entón o acatamento é unha estratexia de supervivencia no seo das institucións eclesiásticas docentes, como sucede noutros casos similares. Ata contar con máis datos, deixarei a partida en táboas.